

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

A deputada **Yolanda Díaz Pérez**, integrante do **grupo parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión III**, relativa ao proceso de conversión efectiva do Consello Galego da Competencia no Instituto Galego do Consumo e da Competencia.

A aprobación da lei 14/2013, do 26 de decembro, chamada de racionalización do sector público autonómico recolleu no seu título IV, unha pretendida reordenación e supresión de diversas entidades públicas instrumentais. Dentro destas atópase o caso do Instituto Galego do Consumo e da Competencia, que reunirá as competencias e os medios materiais e persoal tanto do Consello Galego da Competencia canto do Instituto Galego de Consumo.

Contrarreforma economicista que serviu apenas para abaratar o custo destes servizos e para reducir o persoal público ao seu servizo, porque a integración efectiva aínda non se materializou como vimos de debater na comparecencia da dirección do Consello Galego da Competencia no Parlamento Galego.

O previsto nos artigos 38- 39 da lei 14/2013 segue sen realizarse. De semellante situación só se desprenden eivas para a cidadanía, en canto portadora de dereitos e unha mingua para as actuacións da Xunta que proclaman algo que non é quen de realizar.

En atención ao sinalado, o grupo parlamentario da AGE formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión III:

- A que razóns obedece o evidente retraso na aprobación do decreto previsto no artigo 39 para crear o Instituto Galego do Consumo e da Competencia? Vai depurar algunha responsabilidade a Xunta por ese retraso?



- Canto tempo máis vaise retrasar a previsión contemplada na lei respecto da aprobación e publicación da norma que desenvolva a autorización para crear o Instituto e os seus estatutos?
- Que configuración adoptará a prevista Comisión Galega da Competencia?
- No proceso de elaboración do decreto de creación do Instituto con que entidades, asociacións ou colectivos consultou ou consultará a consellaría para achegar unha proposta de acordo e non unha mera imposición?

En Compostela, a 22 de xuño do 2015.

Asdo. Yolanda Diaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 22/06/2015 16:46:31